



ACTA DA MESA DE NEGOCIACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO.

SESIÓN 5/2017

Na Vila de Vimianzo, ás doce horas e dous minutos do día nove de xuño de dous mil dezasete, na sala de sesións da casa do Concello, reúnese a Mesa de Negociación, ó obxecto de levar a cabo a sesión convocada para este día e coa asistencia do Sr. alcalde-presidente D. Manuel Antelo Pazos (quen preside a sesión), e os seguintes membros convocados:

a) En representación do Concello de Vimianzo:

- Don Fernando Mancebo Amigo, concelleiro de Persoal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT.
- Dona RMSM, funcionaria municipal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT.
- Dona MLCP, interventora municipal.

b) En representación dos sindicatos máis representativos:

Asisten:

- Don AEE, representante da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Dona LPF, en calidade de asesora da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Dona EPF, en calidade de asesora da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Don EFP, representante de Comisións Obreiras (CC.OO.).
- Don JMADA, en calidade de asesor de Comisións Obreiras (CC.OO.).

Non asisten:

- O representante da Unión Xeral de Traballadores (UXT).
- O representante da Confederación Intersindical Galega (CIG).

c) En representación dos traballadores:

Asiste:

- Don JRLP, delegado do persoal laboral polo sindicato Comisións Obreiras (CC.OO.).

Non asisten:

- O representante do persoal funcionario, Don JLCD (CSI-F).
- Os delegados do persoal laboral Dona RAM (CSI-F) e Don FRO (CSI-F).

Da fe do acto a secretaria da Corporación D.^a María Cristina Varela García.

Declarado aberto o acto pola presidencia, seguidamente pásase a tratar os seguintes asuntos da,

ORDE DO DÍA

1. Proposta de Relación de Postos de Traballo (RPT) para o Concello de Vimianzo.

O alcalde abre a sesión lembrando que se redactou a proposta definitiva, tal como se acordou na anterior mesa de negociación, a salvo, por suposto, de que se cometera algún erro. Como única novidade, comenta que se subiu o complemento de destino do posto de arquitecto, pasando dun 24 a un 26, en atención ao nivel de responsabilidade que ten ese posto. Señala que no documento están as fichas descritivas e tamén se engadiu un anexo onde se recollen expresamente as tres cuestións que se plantexaron. Puntualiza que o posto de técnico de urbanismo se ocuparía interinamente pola persoa que actualmente está contratada como laboral temporal ata que se saque en Oferta de Emprego



Público, cando sexa, posto que algo se comentou sobre o límite dos tres anos como interino e non é para este suposto. O mesmo se estipula para o caso da monitora de tempo libre, que pasará a desempeñar o posto de auxiliar de cultura. Explica o alcalde que se engadiu unha memoria económica (anexo 9), cos datos da masa salarial, nos que non se inclúe o persoal laboral temporal a efectos de obter unha comparativa homoxénea. O que si se inclúe é o 1% de incremento previsto no 2017 para comparar a masa salarial actual coa resultante da RPT. Comenta que se inclúen tres postos que coa RPT son estruturais (dous albaneis e un tractorista). Sinala que o incremento da masa salarial é duns 48.000 euros, o que se compensaría cun leve axuste no vindeiro orzamento.

O alcalde continúa explicando que, aparte disto, existe un compromiso do goberno para aprobar uns criterios obxectivos de reparto da produtividade. Actualmente hai orzamentados 10.000 euros e intentarán subir o que podan. Conclúe que con esta RPT máis do 70% do persoal incrementa as súas retribucións, polo tanto considera que é unha proposta que satisface ao persoal e para o goberno tamén é moi satisfactorio que a proposta inicial se mellorara con aportacións dos sindicatos na mesa de negociación. Pide que a mesa lle dea o visto bo a esta proposta. Afirmo que se partiu de cero porque neste concello nunca se fixo una RPT, por eso non se sabe de onde proceden os actuais específicos, de feito a igual posto hai distintos salarios. Dende o 2007 para adiante algún complemento específico dobrou o seu importe e eso introduce dificultade. Agora coa RPT os traballadores saben de onde procede o seu salario, e obviamente dentro duns anos pode revisarse e chegarse a unha mellora salarial se as circunstancias o permiten. Pide o voto favorable para esta RPT, ou canto menos a abstención, e considera que deben tomar este documento como un punto de partida para mellorar a situación.

O Sr. JRLP comenta que a maioría do persoal laboral está dacordo, aínda que non puido falar con todos. Perden dúas persoas, e unha delas é el mesmo, pero isto é unha cuestión colectiva e polo tanto acepta o resultado e manifesta que acepta a RPT.

O alcalde agradece as súas palabras, e considera que ten moito mérito o seu posicionamento.

EFP cede a palabra ao representante do CSIF.

AEE di que empezou sempre falando el e polo tanto que siga falando primeiro.

EFP di que non é doado, como sindicato, asumir que haxa baixadas de salarios nalgúns postos, pero o certo é que hai moitos aspectos positivos na RPT: aumento da masa salarial, sae moita máis xente beneficiada que perxudicada, e na negociación empregáronse criterios obxectivos e actuouse con transparencia. Chegouse a un resultado máis obxectivo en retribucións e por eso van votar a favor.

AEE comenta aspectos da acta da sesión anterior, que ou ben non se recolleron ou ben non se recolleron tal como aconteceu. Afirmo que lle gustaría ter falado co alcalde noutras circunstancias, e que a RPT está feita "ad hoc", para perxudicar a seis persoas en concreto, está claro. Pediu o documento para poder falar cos compañeiros, reuníronse e en principio non se van opoñer, vanse abster, non van votar. Para eles a negociación adolece de falta total de información e non se fixo baixo o principio de boa fe. Repite que non tiveron a información necesaria. Estas seis persoas, por compañerismo, dixeron que non querían facer nada. Sinala que quixeran ver un proceso de consolidación para os laborais, posto que no concello hai moita temporalidade, así como un plan de emprego, e nada disto se prevé na RPT. Quere deixar constancia de que os laborais non están todos contentos, xa que CSIF é sindicato maioritario en laborais. Di que seguramente Carlos Amoedo fixo un informe maravilloso coa documentación que se lle pasou, pero CSIF non a viu. Afirmo que son sindicato maioritario en case 45 concellos da provincia da Coruña e a ausencia de información que houbo nesta



negociación nunca a viviu, pero é igual. Di que parece unha RPT totalmente discriminatoria para estas seis persoas. O alcalde puxo en boca de CSIF que quería manter estes salarios, cuestión evidente posto que é o seu deber como sindicato que non se baixen os salarios. Afirma que en Vimianzo os traballadores non teñen mala fe e por eso non entende cal é a necesidade de facer esta ferida. O cálculo dos 400.000 euros de incremento que fixo o alcalde, a CSIF non lle sae por ningún lado. Di que era innecesario facer isto, que se podían ter feito as cousas doutra maneira. Di que marcha con orgullo desta negociación, por haber negociado, con opcións de ir ao xulgado porque sabía dende o principio que non ía haber negociación. Durante todo este proceso non puido evitar lembrarse do seu admirado Carlos Casares, precisamente este ano, que en "Vento ferido" decía: "sonche coma lobos as persoas, unhas coas outras". Repite que non era necesario facelo así e di que se vai abster. Agradécelle ao alcalde o trato que tivo con el como parte negociadora.

O alcalde tamén lle agradece o seu talante nesta mesa, porque sendo duro como negociador, veu negociar. Di que como goberno incorporáronse as propostas plantexadas polos sindicatos en fase de negociación, facendo que a RPT sexa dos traballadores. Nega que sexa unha RPT discriminatoria, en cambio si que o era que un auxiliar administrativo cobrara distinto doutro, ou que se duplicaran determinados específicos prescindindo do procedemento. Cando chegaron ao goberno no 2011 había traballadores que tiñan salarios de miseria e horarios de escravitude, e pon como exemplo a un traballador que só libraba os luns. Considera que un sindicato debe analizar a situación, porque se cadra algunha xente non perde, senón que volve ao salario no que tiña que estar. Non pode dicir que sexa unha RPT discriminatoria porque no persoal laboral unha das persoas máis beneficiadas é a representante dos laborais de CSIF, e se o goberno tivera intención de facer presión, isto non sería así,

Continúa o alcalde dicindo que non se negan a falar de consolidación, pero tampouco se pode nestes momentos mentras non cambie a lei. Afirma que a temporalidade dalles moitos problemas, pero é unha temporalidade herdada. Xa sabe que os sindicatos que están hoxe aquí na mesa colleron esta situación, e afirma que non se pechan a comezar unha nova negociación. Comenta que na intervención de AEE entendi que dixo que tiñan intención de ir ao xulgado, e pregunta se entendi ben.

AEE afirma, sorprendido, que non dixo eso.

A secretaria e a interventora din que elas tamén entenderon eso.

AEE aclara que o que dixo é que eles na negociación viron moitos motivos para ir ao xulgado, pero estes seis traballadores decidiron que non se recurra para non perxudicar ao resto do persoal. Pide que quede claro o que dixo, por se se entendi doutra maneira.

O alcalde volve a dicir que os empraza para presentar propostas para o convenio colectivo e para os criterios obxectivos de reparto da produtividade, e cando se poda estudarase diminuír a temporalidade. Anuncia que esta semana próxima procederán a recoñecer de oficio a consolidación de grao do persoal funcionario.

Para rematar, o alcalde quere aclarar algunhas cousas do escrito presentado por CSIF o 2 de xuño, despois da mesa de negociación celebrada ese día. Di que a secretaria da mesa é a da Corporación, que actúa como fedataria pública nos órganos colexiados. Di que CSIF pode facer observacións ás actas, pero hai que presupoñer que as actas recollen o que se di nos órganos colexiados. Respecto da ausencia de fichas, entenden que non era obrigatoria a súa presentación, sendo probable que quedara algunha sen remitir por parte dalgún traballador. Respecto á afirmación de CSIF de que hai informes que din que os específicos son moi elevados, sinala que non hai ningún informe que diga eso, senón que eso é unha opinión do alcalde, igual que critica que se poda entrar na administración cun nivel 30.



A secretaria aclara que esa afirmación respecto da excepcionalidade do nivel 30 consta no informe do catedrático Carlos Amoedo, en concreto na páxina 23, que le: "(...) En segundo lugar, comentar tamén que existe unha clara desproporción na atribución do nivel 30 de CD ás dúas xefaturas do servizo xurídico-administrativo e económico-administrativo e ao posto de arquitecto, dado que o nivel 30 se reserva en toda a función pública española a postos de natureza directiva (subdireccións, direccións xerais, etc.)."

AEE quere aclarar unha cousa: primeiro, dóelle moito que cite a Rocío Andújar, porque no decreto de despido da súa compañeira di-se que non se pode despedir a Rocío porque é delegada sindical...

O alcalde di que lle extraña eso.

AEE comenta, en segundo lugar, que o alcalde dixo que non se pode falar dun plan de emprego ou consolidación porque non o permite a lei, pero CSIF fíxoo noutros concellos con esta mesma normativa, o que hai que buscar é o marco para facelo; en terceiro lugar, di que claro que están abertos a negociar un convenio colectivo e de feito están intentando facer un a nivel provincial; en cuarto lugar, di que non teñen nada en contra da secretaria, Cristina, nin persoal nin profesional, pero aparece como membro da comisión da RPT, por eso o din. Agradece que o alcalde aclare que é unha opinión del que os específicos son elevados, porque afirmar que se cobraban específicos indebidamente é moi grave,

EFF di que eles están a favor da consolidación dos laborais temporais, e pode facerse a día de hoxe, pero é conveniente agardar a que se aprobe a lei de orzamentos do 2017 para ver como regula esta cuestión.

O Sr. Mancebo Amigo di que non son dos concellos con maior índice de temporalidade, porque teñen bastantes funcionarios e laborais fixos, e de feito sufren a temporalidade herdada. Considera que a RPT non só non abre feridas, senón que as pecha, porque existen unhas diferencias salariais non xustificadas e hai postos con salarios moi elevados que non teñen outros concellos da volta. Señala que as queixas do persoal dende que están no goberno veñen por esa liña. Manifesta que as condicións laborais do persoal laboral municipal non son comparables aos mesmos postos na empresa privada, e fala con coñecemento de causa pola súa profesión.

AEE pide contestar ao que acaba de dicir o Sr. Mancebo. Non entende a que ven meterse en camisas de once varas, e anuncia que vai dicir algo que non quería dicir nesta mesa: no pleno no que se subiron os específicos, tanto o alcalde como o Sr. Mancebo abstiveron-se, non votaron en contra.

O Sr. Mancebo nega que fora así e o alcalde di que non o lembra, pero é posible. Di que hai que concluir e vai someter a votación o documento.


EFF di que CC.OO. vota a favor da RPT.

AEE di que CSIF non se opón, absténse.

Sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos da data referida dáse por rematada a comisión, do que da



María Cristina Varela García



Manuel Antelo Pazos